



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Módulo IV. Renovación urbana e rexeneración urbanística. Laboratorio de renovación urbana e rexeneración urbanística

CONVOCATORIA: Curso superior de técnico de urbanismo 2022/23

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	32
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 04/11/2022 - 10:00h ao 09/11/2022 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

De acordo co establecido na base sexta, ordinal 6º, da convocatoria do Curso superior de técnico de urbanismo 2022/23 (DOG núm. 240, do 16 de decembro de 2021): No caso de dispoñer de prazas vacantes abrírase un prazo adicional de solicitudes só para os módulos optativos.

O módulo se focaliza na cidade existente e a complexidade e conflito que a caracteriza, co obxectivo de estimular nos técnicos participantes unha reflexión colectiva innovadora sobre a xestión urbana e o proxecto de cidade afastada do paradigma tecnocrático, burocrático ou metodolóxico característico do urbanismo formal.

Por esta razón o módulo arrinca na súa primeira xornada cunha evocación da vida cotiá das cidades que debe servir para contextualizar aspectos correntes da vida urbana, tan esquecidos na práctica diaria e como transcendentais na vida das persoas. Trátase, dalgunha forma, de comezar dando a voz e a palabra ás persoas e o seu drama vital cotián nas cidades.

Na segunda xornada preténdense mostrar outras visións posibles de cidade, de prácticas autónomas, de estratexias disruptivas e procuras activas de formas de vida urbana alternativas e críticas co discurso oficial.

Na terceira xornada poñeranse encima da mesa as experiencias e conflitos de quen fai xestión urbana desde a administración municipal.

Na cuarta e última xornada, empezaremos cunha sesión na que se incidirá na gobernanza do proxecto urbano, a custodia estratéxica da cidade e o combate cidadán da corrupción e a pobreza e que será preparatoria dun Laboratorio cidadán que pretende mostrar como focalizar e prototipar conclusións derivadas dos problemas detectados nas xornadas anteriores, co obxectivo de atopar respostas provisionais, tentativas, incompletas e mellorables.

DESTINATARIOS

O curso está dirixido a profesionais que se encadren nalgunha das situacións seguintes:

- Persoal empregado público das administracións públicas galegas, pertencente aos seguintes grupos:

– Persoal funcionario: subgrupos A1 e A2.

– Persoal laboral: grupos I e II.

- Arquitecto/a colexiado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en diante, COAG).

- Persoal contratado polas administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente así como profesionais que estean en posesión da titulación de doutoramento, licenciatura,

diplomatura, grao, arquitectura, enxeñería, arquitectura técnica ou enxeñería técnica.

PROGRAMA

As 4 xornadas estruturáronse en catro grandes áreas conceptuais, dividendo cada unha delas en dúas sesións conducidas por un profesor invitado. Na última sesión desenvolverase un laboratorio cidadán.

A. SESIÓNS FOCAIS.

As sesións desenvolveranse co seguinte esquema:

- 10 minutos iniciais de exposición introdutoria ao relatorio da sesión, estimulando e acordando a formulación colectiva de preguntas expectativas ás que trataremos de dar resposta ao final da xornada.
- 90 minutos de relatorio a cargo do profesor invitado.
- 20 minutos de descanso.
- 60 minutos de debate en grupos para valorar o escoitado e poñelo en relación coas preguntas expostas ao comezo e os textos lidos con anterioridade.
 - 60 minutos de reunión en pleno entre todos os alumnos do Taller, os coordinadores e o relator, na que cada grupo exporá e someterá ao debate colectivo as súas conclusións.

En cada sesión tratarase de concluír identificando problemas e xerando preguntas que serán abordadas no Laboratorio cidadán final.

B. LABORATORIO CIDADÁN.

Á vista das sesións previamente celebradas no Taller e das conclusións alcanzadas en cada unha delas, o laboratorio cidadán exporá unha metodoloxía para focalizar colectivamente, prototipar e validar estratexias para xestionar o conflito urbano e combater con novas formas de administración pública a desilusión co proxecto de cidade.

Cada un dos profesores convidados propondrá aos alumnos con anterioridade suficiente á súa sesión de traballo, dúas lecturas de textos dunhas 3.000 palabras que faciliten a inmersión na cuestión ou cuestións que se propoña desenvolver na súa clase. Ademais, exporá tres preguntas de cabeceira que servirán para iniciar os grupos de traballo tras o seu relatorio.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Data e hora de presentación de solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Para formalizar a inscrición a través da área de matrícula:

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (réxime xurídico e xestión das entidades locais) e despois seleccionar en nome do curso Módulo IV. Renovación urbana e rexeneración urbanística.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 11/11/2022 a 30/11/2022

NUM. PRAZAS: 12

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Aula de formación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
Praza da Quintana, 1. baixocuberta. Santiago de Compostela.